

Resolución do 24 de novembro de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación definitiva da fase de concurso e á presentación da documentación dos definitivamente seleccionados/as.

O apartado 5 da base sexta B) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde dispón que, á vista das reclamacións achegadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal publicará no Diario Oficial de Galicia o acordo que conteña a relación de aspirantes, pola orde de puntuación acadada, indicando a puntuación obtida en cada unha das fases e a puntuación total que será a suma de ámbalas dúas. A dita relación, indicará as diferentes quendas de acceso, así como os aspirantes definitivamente seleccionados/as, elevando esta relación á autoridade convocante.

Así mesmo, na base oitava dispón que recibida pola autoridade convocante a proposta de aspirantes que superaron o concurso-oposición na categoría correspondente, aporten a oportuna documentación, polo tanto este Centro Directivo,

RESOLVE:

Primeiro.- Publicar no anexo I desta resolución, as puntuacións definitivas da baremación da fase de concurso, obtidas polos/as aspirantes das categorías de albanel, carpinteiro/a, cociñeiro/a, fisioterapeuta, lavandeiro/a e pasador/a de ferro e ademais na páxina web www.sergas.es.

A estimación ou desestimación das devanditas reclamacións á baremación provisional entenderanse implícitas nesta resolución de publicación.

Segundo.- Declarar aspirantes definitivamente seleccionados/as aos/ás indicados/as no anexo II, de conformidade coa totalidade das prazas ofertadas, en atención ás posibles quendas de acceso.

Terceiro.- Só os/as aspirantes definitivamente seleccionados/as deberán aportar inescusablemente a seguinte documentación, no prazo de quince días hábiles, por razóns de urxencia conforme ao previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, pois pola contra quedarían excluídos do proceso selectivo:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, no seu caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/as nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das Administracións ou Servizos Públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

b) Certificado médico oficial no que se acredite a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións propias da especialidade.

Os/as participantes que accedan polas quendas de promoción interna e de persoas con discapacidade deberán aportar, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa dos requisitos para acceder pola correspondente quenda.

Só para os efectos de elección de destinos, de conformidade co artigo 9 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, os aspirantes que superasen o concurso-oposición pola quenda reservada a persoas con discapacidade, poderán solicitar á autoridade convocante a alteración da orde de prelación para a elección das prazas por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados.

Cuarto.- Para os efectos da relación, por localidade e institución sanitaria, de prazas que se ofrecerán aos/ás aspirantes seleccionados/as e o procedemento e o prazo para que estes manifesten a súa opción polos destinos ofertados, coa previsión de facerse nun único chamamento e acto, serán publicadas con posterioridade no Diario Oficial de Galicia, indicando tamén a orde final de elección, no seu caso, pola posible alteración prevista no punto anterior.

Quinto.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán formular recurso contencioso-administrativo ante o xulgado competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes, ante este centro directivo.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010.
A DIRECTORA DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

Asdo.: Esperanza Fernández Lago.

Resolución del 24 de noviembre de 2010, de la Dirección de Recursos Humanos, por la que se hacen públicos los acuerdos de los tribunales que juzgan el proceso selectivo para el ingreso en determinadas categorías de personal estatuario del Servicio Gallego de Salud, relativos a la baremación definitiva de la fase de concurso y a la presentación de la documentación de los definitivamente seleccionados/as.

El apartado 5 de la base sexta B) de la resolución de la Secretaría General del Servicio Gallego de Salud del 18 de febrero de 2009 (DOG nº 40, del 26 de febrero) por la que se convoca concurso-oposición para el ingreso en diversas categorías de personal estatuario del Servicio Gallego de Salud dispone que, a la vista de las reclamaciones allegadas y realizadas, en su caso, las oportunas correcciones a la baremación inicialmente asignada a cada aspirante, el tribunal publicará en el Diario Oficial de Galicia el acuerdo que contenga la relación de aspirantes, por la orden de puntuación alcanzada, indicando la puntuación obtenida en cada una de las fases y la puntuación total que será la suma de ambas las dos. La dicha relación, indicará los diferentes turnos de acceso, así como los aspirantes definitivamente seleccionados/as, elevando esta relación a la autoridad convocante.

Asimismo, en la base octava dispone que recibida por la autoridad convocante a propuesta de aspirantes que superaron el concurso-oposición en la categoría correspondiente, aporten la oportuna documentación, por tanto este Centro Directivo,

RESUELVE:

Primero.- Publicar en el anexo I de esta resolución, las puntuaciones definitivas de la baremación de la fase de concurso, obtenidas por los/as aspirantes de las categorías de albañil, carpinteiro/a, cocinero/a, fisioterapeuta, lavandero/a y planchadora y además en la página web www.sergas.es.

La estimación o desestimación de dichas reclamaciones a la baremación provisional se entenderán implícitas en esta resolución de publicación.

Segundo.- Declarar aspirantes definitivamente seleccionados/as a los/a indicados/as en el anexo II, de conformidad con la totalidad de las plazas ofertadas, en atención a los posibles turnos de acceso.

Tercero.- Sólo los/as aspirantes definitivamente seleccionados/as deberán aportar inexcusablemente la siguiente documentación, en el plazo de quince días hábiles, por razones de urgencia conforme al previsto en la Ley 30/1992, del 26 de noviembre, contados a partir del día siguiente al de la publicación de esta resolución, pues por el contrario quedarían excluidos del proceso selectivo:

a) Declaración bajo su responsabilidad de no haber sido separado/a del servicio, mediante expediente disciplinario, de cualquier Servicio de Salud o Administración pública en los seis años anteriores a la convocatoria, ni estar inhabilitado/a con carácter firme para el ejercicio de funciones públicas ni, en su caso, para la correspondiente profesión.

En el caso de los/as nacionales de otro Estado, no encontrarse inhabilitado/a, por sanción o pena, para el ejercicio profesional o para el acceso a funciones o servicios públicos en un Estado miembro, ni estar separado/a, por sanción disciplinaria, de alguna de las Administraciones o Servicios Públicos en los seis años anteriores a la convocatoria.

b) Certificado médico oficial en el que se acredite la capacidad funcional necesaria para el desempeño de las funciones propias de la especialidad.

Los/as participantes que accedan por los turnos de promoción interna y de personas con discapacidad deberán aportar, además de la documentación anterior, original o certificación compulsada acreditativa de los requisitos para acceder por el correspondiente turno.

Sólo a los efectos de elección de destinos, de conformidad con el artículo 9 del Real Decreto 2271/2004, de 3 de diciembre, por lo que se regula el acceso al empleo público y la provisión de puestos de trabajo de las personas con discapacidad, los/as aspirantes que superasen el concurso-oposición por el turno reservado a personas con discapacidad, podrán solicitar a la autoridad convocante la alteración de la orden de prelación para la elección de las plazas por motivos de dependencia personal, dificultades de desplazamiento u otras análogas, que deberán ser debidamente acreditados.

Cuarto.- Para los efectos de la relación, por localidad e institución sanitaria, de plazas que se ofrecerán a los/as aspirantes seleccionados/as y el procedimiento y el plazo para que estos manifiesten su opción por los destinos ofertados, con la previsión de hacerse en un único llamamiento y acto, serán publicadas con posterioridad en el Diario Oficial de Galicia, indicando también la orden final de elección, en su caso, por la posible alteración prevista en el punto anterior.

Quinto.- Contra esta resolución, que pone fin a la vía administrativa, los/as interesados/as podrán formular recurso contencioso-administrativo ante el juzgado competente, en el plazo de dos meses contados a partir del día siguiente al de la publicación de la misma. Potestativamente, podrán interponer recurso de reposición, en el plazo de un mes, ante este centro directivo.

Santiago de Compostela, 24 de noviembre de 2010.
LA DIRECTORA DE RECURSOS HUMANOS DEL SERVICIO GALLEGO DE SALUD.

Fdo.: Esperanza Fernández Lago.